Nigrán, 30 de xuño de 2017

Entrega de documentación de licenza por formación segundo a ORDE do 9 de maio de 2017 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2017/18 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión.

Documento: b.1.1) Guía didáctica en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.

Materiais curriculares dixitais para educación primaria 2017/18:

REAL LIFE ENGLISH

ÍNDICE DE CONTIDOS

Común a todos os REA (en Galego)

1. MATERIA E CURSO A QUE SE DIRIXE 2

2. OBXECTIVOS XERAIS 2

3. COMPETENCIAS CLAVE 3

4. CONTIDOS 5

5. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES 9

6. RECURSOS MATERIAIS 10

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E Á CONVIVENCIA 11

8. ESTRATEXIAS DE AVALIACIÓN 11

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN 14

10. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 15

Obxectivos específicos e recursos dixitais de cada REA (en Inglés)

11. REA 1: BRIGHT IDEAS 16

12. REA 2: BREAKING NEWS 17

13. REA 3: SIGHTSEEING IS COOL 17

14. REA 4: TASTES OF THE WORLD 18

15. REA 5: PLAYING TIME 19

1. MATERIA E CURSO A QUE SE DIRIXE

Este proxecto está deseñado para ser aplicado en **5º curso de Educación Primaria**, na materia de lingua estranxeira **Inglés**. Sen embargo, será facilmente adaptable ao 6º nivel de Educación Primaria tendo en conta o nivel do alumnado.

Un resumo desta guía atópase incluido na última parte de cada REA, co nome "Guidelines for teachers" como se pode ver na seguinte captura de pantalla do REA 4: TASTES OF THE WORLD.



2. OBXECTIVOS XERAIS

A nosa **meta** será lograr no alumnado unha **competencia comunicativa básica e integrada**, así como unha **consciencia intercultural** que lles permita desenvolverse en situacións cotiás con certa sintonía cultural.

Para conseguilo, centrarémonos en:

1. Dotar os alumnos de estratexias comunicativas necesarias para comprender e interactuar oralmente en contextos reais ou simulados.
2. Adquirir as destrezas lectoras necesarias que lles permitan un dominio progresivo da comprensión da lingua escrita.
3. Fomentar a afección pola lectura na lingua estranxeira como fonte de gozo, formación e descubrimento doutros contornos e culturas.
4. Desenvolver e usar de forma progresiva e autónoma a escritura.
5. Fomentar o uso reflexivo da lingua, así como o coñecemento e respecto polos elementos sociolingüísticos e culturais que condicionan aos

falantes da lingua estranxeira e que informan doutras maneiras de ver, entender e apreciar o mundo (novas, turismo, comida, xogos, deportes, emprendemento).

3. COMPETENCIAS CLAVE

Lonxe de describir cada competencia básica, recollemos nestes puntos como con este proxecto contribuiremos ao desenvolvemento das sete competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

É a competencia máis directamente relacionada coa aprendizaxe dunha lingua e que, como mencionamos anteriormente, a nosa meta é alcanzar unha competencia comunicativa integrada.

Por isto, traballaremos todas as destrezas da lingua, comprensión e expresión oral, e comprensión e expresión escrita, priorizando a súa interrelación, pois é así como aparecen nas situacións reais de comunicación, e non de manera illada.

Ao longo de todas as secuencias didácticas propiciaremos non só a comprensión e expresión unilateral, senón tamén a comunicación bidireccional con outros interlocutores.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

Traballaremos nocións espaciais (direccións), temporais (hora, secuenciación), conceptos matemáticos básicos como os números e os símbolos (diñeiro) así como o razoamento lóxico.

O traballo a través de textos informativos relacionados co mundo físico tamén permiten coñecer mellor os elementos da natureza e a influencia e as relacións que manteñen os seres humanos co espazo no que viven.

- **Competencia dixital:**

Partimos da base de que o propio proxecto é un recurso dixital (elaborado con eXeLearning) e será visualizado na PDI da aula ou nos ordenadores individuais.

Ademais fomentaremos as destrezas para a busca, seleción e comprensión da información a través de medios dixitais e o uso de Internet.

Incluimos tamén actividades a realizar con diversas ferramentas dixitais como Voki, Google Slides, Google maps ou OBS Studio.

- **Competencias sociais e cívicas:**

A lingua é a base da comunicación entre os seres humanos, polo que é dende esta área onde se pode contribuir fácimente ao desenrolo desta competencia básica, entendida como o conxunto de habilidades necesarias para a conviencia.

Deste xeito, que os nenos/as apredan a comunicarse cos demais e a comprender o que os demais lles trasmiten é fundamental para a súa formación como seres sociais, o que potenciaremos a través do traballo colaborativo para a realización dos proxectos.

O contacto con outras realidades diferentes á súa facilita tamén a erradicación de prexuizos e imaxes estereotipadas, que se interrelaciona coa seguinte competencia, a cultural.

- **Consciencia e expresións culturais:**

Esta área inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala. Traeremos o mundo exterior á aula e propiciaremos a inmersión na linguaxe, tradición e cultura no mundo de fala inglesa.

Por outra banda, queremos facer ao alumnado consciente da verdadeira utilidade da lingua estranxeira como instrumento de comunicación e de acceso á información, que lles permita comprender os elementos sociolingüísticos e culturais que condicionan aos falantes da lingua estranxeira e que informan de outras maneiras de ver, entender e apreciar o mundo. Poderán así alcanzar unha consciencia intercultural que lles permita comunicarse con certa sintonía cultural.

- **Competencia para aprender a aprender:**

A aprendizaxe colaborativa é unha ferramenta moi potente no desenvolvemento desta competencia posto que permite que todos sexan á vez docentes e discentes. Se os equipos están compostos por membros con diferentes estilos de aprendizaxe, diferentes puntos fortes e débiles e diferentes personalidades calquera tarefa se convirte nunha experiencia completa para eles. Non soamente adquirirán diferentes estratexias de aprendizaxe senón a transmitir os seus coñecementos e axudar aos demais, o que supón unha doble aprendizaxe para eles.

Por outra banda, tamén adquirirán destrezas dixitais para a busca, selección e comprensión da información, mediante o uso de Internet, de ferramentas de Google (Maps, Slides…), Office e outras como Voki ou OBS Studio.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

Tódalas secuencias didácticas plantexadas baséanse nunha aprendizaxe por descubrimento guiado que remata coa tarefa final, que é un proxecto

colaborativo, fomentando así a autonomía, o espírito crítico, a iniciativa, a poñerse no lugar dos outros e a decidir entre varias cuestións.

Ademais a secuencia didáctica "Bright ideas" xira arredor de iniciativas que cambian o mundo para fomentar o camiño do emprendemento entre o alumnado.

4. CONTIDOS

Os seguintes contidos baséanse na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (**LOMCE)** e máis concretamente no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes corresponden ao currículo da lingua estranxeira inglés para o quinto nivel de primaria.

- BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación, transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.

- Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global ou dalgún detalle concreto.

- Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo para a realización de tarefas na aula.

B1.2. Patróns sonoros, rítmicos, de entoación e acentuación básica: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo, da entoación e da acentuación básica da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais.

- BLOQUE 2: PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación:

- Concibir a mensaxe con claridade e practicala varias veces, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.

Execución:

- Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais que esixan elección entre un repertorio limitado de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.

- Producir textos orais cotiáns de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos, dicindo ou lendo en voz alta para toda a clase textos breves de realización propia.

- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.

B2.2. Patróns sonoros, rítmicos, de entoación e de acentuación básica:

- Uso progresivo das normas que regulan a interacción oral.

- Pronuncia comprensible, ritmo, entoación e acentuación adecuados, tanto na interacción e expresión oral como na recitación, dramatización ou lectura en voz alta.

- BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar e formulación de hipóteses sobre o seu contido e contexto.

- Deducir o significado de palabras e expresións non coñecidas de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e co contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.

- Captación da idea global e identificación de elementos específicos en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.

- Lectura menos guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.

- Usar progresivamente o dicionario bilingüe, biblioteca da aula e as tecnoloxías da información e da comunicación para ler (webs infantís e xuvenís, programas multimedia, correo electrónico).

B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.

- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son,

coñecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira..

- Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.

- BLOQUE 4: PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

B4.1. Estratexias de produción:

Planificación:

- Usar, de forma progresivamente autónoma, estratexias básicas de produción de textos (a quén vai dirixido, qué se quere dicir e como se vai organizar a información), así como a elaboración pautada dun borrador ou a revisión do texto para a súa corrección.

- Usar progresivamente o dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.

Execución:

- Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas, atendendo á persoa destinataria, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.

- Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual e bilingüe do alumnado, biblioteca de aula e materias dixitais para reproducir mensaxes escritas sinxelas.

- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.

B4.2. Patróns gráficos, covencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Uso dos signos de puntuación elementais (interrogación, exclamación).

- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son, coñecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira.

- Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.

- BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

- Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.

- Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe.

- Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.

- Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna.

B5.2. Funcións comunicativas:

- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa.

- Realización de preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado.

- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc.

- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado.

- Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.

- Expresión de instrucións habituais e indicacións de dirección, en afirmativa e negativa.

- Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.

- Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...

- Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.

- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.

- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.

- Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.

- Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.

- Descrición de persoas, plantas e animais.
- Expresión de desexos.
- Expresión de instrucións.

B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas correspondentes ás anteriores funcións comunicativas.

B5.4. Léxico específico dos diferentes REA:

- REA 1: professions, entrepreneurialism and giving opinion.
- REA 2: News, weather, clothes and adverts.
- REA 3: the UK tourism, transport, maps, tourist attractions, typical clothes and festivities.
- REA 4: the meal times, routines and typical food in the UK (English, Scottish, Welsh and Irish food).
- REA 5: board and traditional games, sports and free time activities.

5. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A nosa proposta procura unha Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), onde o onde o eixe central é o descubrimento guiado que culminará coa elaboración dun proxecto final.

Para a súa creación seguimos a Guía de creación de Recursos Educativos Abiertos do Proxecto EDIA (Educativo, Digital, Innovador e Aberto), promovido polo CeDeC (Centro Nacional de Desarrollo Curricular en Sistemas no Propietarios). O seu enfoque metodolóxico é unha aprendizaxe baseada en proxectos, onde cada REA (Recurso Educativo Aberto) plantexa unha experiencia de aprendizaxe coa que o alumnado desenvolve os obxectivos do currículo oficial dunha materia, o que coincide coa idea do noso proxecto.

A nosa proposta xira arredor de compensar a desigualdade de oportunidades para interactuar en situacións reais de comunicación en Inglés na súa vida diaria. Por tanto, traeremos o mundo real á aula por medio de **realia**, isto é, material real non deseñado especificamente para o ensino, pero que fomenta unha **aprendizaxe global e significativa** xa que lles ofrece unha **contextualización, motivación e consciencia da utilidade** real da lingua para o alumnado.

Potenciaremos unha **metodoloxía activa e flexible** que contribúa a desenvolver o espírito crítico, a capacidade de discusión, reflexión e decisión, e a vontade colectiva de transformación da sociedade.

Cada REA está dividido en **7/8 partes principais**, cada unha das cales contén diversas tarefas que poden ser traballadas de maneira independente. Dependendo do nivel de detalle que requiramos en cada tarefa, o número de sesións poden variar. Algunhas poden requerir un traballo previo e outras necesitarán ser rematadas en sesións posteriores. Cada REA segue a mesma estrutura:

- Parte 1: Instrucións do alumnado.
- Parte 2: Activación da curiosidade e do coñecemento previo.
- Parte 3, 4, 5(ou 6): desenvolvemento de tarefas e recollida do progreso diario.
- Parte 6 (ou 7): Proxecto grupal e revisión do progreso final.
- Parte 7 (ou 8): Guía didáctica.

Ao longo de todo o REA, empregaremos **diferentes tipos de agrupamento**, que aparecen suxeridos en cada actividade por medio dos seguintes logos (tamén explicados nas instrucións do alumnado e na guía didáctica do propio recurso).

TIME FOR ... teamwork	**TIME FOR... all class work**	**TIME FOR... individual work**	**TIME FOR... pair work**
***Teamwork team*. Geralt. Pixabay. CC0**	***Blackboard*. OpenClipart-Vectors. Pixabay. CC0**	***Girls read*. Kidaha. Pixabay. CC0**	***Chalkboard blackboard*. Prawny. Pixabay. CC0**

6. RECURSOS MATERIAIS

Para a elaboración dos ODEs empregamos a ferramenta eXeLearning, que é un programa libre e aberto que facilita a creación e publicación de contidos en soportes informáticos diversos. Está dispoñible en diferentes versións segundo o sistema operativo: Windows, MAC e Linux.

Por tanto, os materiais creados son recursos multimedia, interactivos, portables e accesibles dende calquera tipo de dispositivo e de navegador en diferentes sistemas operativos, adaptables polos docentes (pois se inclúen os arquitos editables) e interoperativos, pois permiten o intercambio de información ao publicarse baixo a licenza Creative Commons: BY-SA (Recoñecemento e Compartir Igual). Desta forma poden ser compartidos (copiados e redistribuidos en calquera medio ou formato) e adaptados (reeditados, transformados ou crear material a partir deles) sempre e cando se recoñeza axeitadamente a autoría, se proporcione un enlace á licenza e se indique se se realizaron cambios. Neste caso, deberanse difundir as

contribucións posteriores baixo a misma licenza que o orixinal.

Os REA creados poden ser adaptados facilmente tanto para:

- Un ordenador ou tablet **por estudiante**.

- Un ordenador **por grupo**.

- Unha pizarra dixital **por aula**.

Nos últimos dous casos necesitaremos imprimir as actividades individuais ou facelas en grupo. Tamén serán necesarios **micrófonos, cascos e altofalantes**.

7. ESTRATEXIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E Á CONVIVENCIA

En primeiro lugar, os ODEs que aquí se presentan son totalmente adaptables por parte do profesorado, tanto en forma como en uso, podendo axustarse aos ritmos e características do seu grupo.

Ademais son recursos dixitais e o uso das novas tecnoloxías e de material audiovisual resulta moi atractivo para o alumnado, favorecendo así a curiosidade dos máis desmotivados.

Por outro lado, todas as secuencias didácticas que presentamos se basean nunha aprendizaxe cooperativa, que ten unha importante contribución á diversidade e á convivencia. Pretendemos fomentar un traballo en equipo, colaborativo en lugar de competitivo, onde tódolos membros compartan os seus puntos fortes en virtude dos máis débiles, compensando así as desigualdades entre eles. Para isto é necesario prestar especial atención á formación dos equipos, para que haxa un equilibrio entre alumnos fortes e débiles en relación á tarefa e distribuir os roles axeitadamente. Unha vez feito isto, eles mesmos levaran a cabo as dinámicas de traballo en equipo e as estratexias de resolución de conflictos traballadas.

Asemade, o docente supervisará todo o proceso para asegurar o bo funcionamento dos equipos e a integración de todo o alumnado.

(Ver *EL PROGRAMA CA/AC ("Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar") PARA ENSEÑAR A APRENDER EN EQUIPO. Implementación del aprendizaje cooperativo en el aula.* Pere Pujolàs and José Ramón Lago).

8. ESTRATEXIAS DE AVALIACIÓN

En cada secuencia didáctica levaremos a cabo tres tipos de avaliación, dependendo do

momento no que terá lugar:

- **Avaliación inicial:** ao comezo da secuencia didáctica, para analizar as condicións previas nas que se da a aprendizaxe.
- **Avaliación formativa:** ao longo de toda a secuencia coas diferentes tarefas guiadas para ver o progreso.
- **Avaliación final:** a través de da elaboración dun proxecto final ao rematar cada secuencia didáctica.

Os principias recursos que empregaremos para levala a cabo serán:

- **Autoavaliación e coavaliación**: autocorrección das súas propias tarefas, intercambio e corrección das tarefas dos compañeiros, reflexión grupal ou individual despois dunha actividade, grabación e visualización crítica do seu traballo… Dependendo da tarefa, suxírese un tipo de avaliación diferente por medio dos seguintes logos (explicados tamén nas instrucións do alumnado e na guía didáctica do propio recurso).

TIME FOR... feedback	**TIME FOR... daily progress**	**100 % completed**
Feedback confirming. Geralt. Pixabay. CC0	*Success Gradual*. Geralt. Pixabay. CC0	*One hundred*. Geralt. Pixabay. CC0

- **Observación directa.**
- **Proxecto final e rúbrica** para valoralo. Esta actividade distínguese polo seguinte logo:

TIME FOR ...

Poject group team. Geralt. Pixabay. CC0

Na guía didáctica dentro do propio recurso adxúntase a rúbrica, tanto para completar no ordenador (.doc) ou para imprimir (.pdf). Pódese ver a continuación:

‘Bright Ideas’. Project Assessment rubric.

Student’s name:

	4 Excellent	**3 Good**	**2 Fair**	**1 Needs to improve**
CREATIVITY & ORIGINAL WORK	The contents and way of presenting the students' outcomes are really original.	The contents and way of presenting students' work are quite original.	Students need help to get some ideas about how to produce original outcomes.	Students copy ideas from other groups in relation to the contents or way of presenting them.
GRAMMAR CORRECTNESS & VOCABULARY ADEQUACY	There are not any grammar mistakes in students' written and oral messages. The vocabulary used is adequate to the topic.	Some grammar mistakes are found in students' written and oral messages. Most of the vocabulary used is adequate to the topic.	Students make some grammar mistakes but their messages can be understood quite clearly. A few words related to the topic are used.	Students' messages contain a lot of grammar mistakes that make the understanding difficult Students hardly use key vocabulary.
PRONUNCIATION, FLUENCY & INTONATION	Students' pronunciation is very good and they are very fluent in their oral messages. Their intonation is very adequate to the conversational context they are in.	Students' pronunciation and fluency are quite good. Their intonation is adequate to the conversational context they are in.	Students have some difficulties in showing fluency. Pronunciation can be improved on some occasions. Intonation is hardly adequate to the conversational context.	Students do not show themselves as fluent speakers. They need a lot of previous practice. Pronunciation is not good at all and their intonation is not adequate to the conversational context.
PARTICIPATION	Students always cooperate and give feedback in their group and to other groups.	Students usually cooperate and give feedback in their group and to other groups.	Students have some problems to cooperate or give feedback.	Students don’t cooperate well and don’t give feedback.
LEARNING PROGRESS	Students recorded all their learning progress during the project including their personal reflections.	Students recorded all their learning progress during the project.	Students recorded some of their learning progress during the project.	Students didn’t record t their learning progress during the project.

Bright Ideas. Project Assessment rubric. Alba Souto, Xurxo García. CC BY-SA . Based on *Safer Internet. Project Assessment rubric*. Cedec. Slideshare. CC BY-SA

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os seguintes criterios baséanse na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (**LOMCE)** e máis concretamente no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes corresponden ao currículo da lingua estranxeira inglés para o quinto nivel de primaria.

B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.

B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.

B2.3. Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación.

B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.

B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.

B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.

B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.

B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións

comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.

B5.16. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…).

B5.17. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.

10. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os seguintes estándares baséanse na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (**LOMCE)** e máis concretamente no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes corresponden ao currículo da lingua estranxeira inglés para o quinto nivel de primaria.

PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.

PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.

PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.

PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.

PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.

PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.

PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descricións de lugares, gustos ou afeccións.

PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades…) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.

PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece

para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

11. REA 1: BRIGHT IDEAS

At the end of the project the students will have worked on the following **aims**:

- Knowing and using **vocabulary** regarding the professions, entrepreneurialism and giving opinion.
- Promoting an idea using the present and past simple of some verbs.
- Interacting with certain **autonomy** when having a conversation and giving opinion.
- **Cooperating** and sharing **feedback** with other students.
- Recording and being aware of their **own progress**.
- Becoming familiar with **cultural** aspects and developing an intercultural awareness.
- Interacting with **real English material** and becoming aware of this **language usefulness**.

All along the resource we are going to use the following digital resources:

- **Google Slides** for presentations (you need to create a Google account for all the class). *Google Slides Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- **OBS Studio** to record the daily progress (it is an open source free software and you need to download it first). *OBS Studio Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- **Voki** to create an avatar (online free version). *How to create your first Voki*. Official Voki (Accessed on 24/04/18)

- **Match the memory** to create a memory game (online free version). *Match the Memory Tutorial*. The authors. CC BY-SA

- **BBC programme** *People fixing the world*. (Accessed on 11/04/18) A radio show which talks about people using technology, science, research, and more to make the world a better place.

12. REA 2: BREAKING NEWS

At the end of the project the students will have worked on the following **aims**:

- Knowing and using **vocabulary** regarding the News, weather, clothes and adverts.
- **Reporting** news, weather forecast and adverts using the present simple, present continuous and past simple of some verbs (either writtten and oral).
- Interacting with certain **autonomy** when having a conversation and giving opinion.
- **Cooperating** and sharing **feedback** with other students.
- Recording and being aware of their **own progress**.
- Becoming familiar with **cultural** aspects and developing an intercultural awareness.
- Interacting with **real English material** and becoming aware of this **language usefulness**.

All along the resource we are going to use the following digital resources:

- **Google Slides** for presentations (you need to create a Google account for all the class). *Google Slides Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- **OBS Studio** to record the daily progress (it is an open source free software and you need to download it first). *OBS Studio Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- BBC contest *The Pitch*, a chance for young people to suggest an idea for a story or report (Accessed on 27/04/18).

- Teachers guide for the BBC interactive game *iReporter* (Accessed on 27/04/18).

- A brief *BBC guidance for teachers* to help students examine critically information they receive from media (Accessed on 27/04/18).

- *BBC Lesson plans* for school reporting (Accessed on 27/04/18).

13. REA 3: SIGHTSEEING IS COOL

At the end of the project the students will have worked on the following **aims**:

- Knowing and using **vocabulary** regarding the UK tourism, transport, maps, tourist attractions, typical clothes and festivities.
- **Asking for** tickets, time and directions and following them using the present

simple of some verbs.

- Interacting with certain **autonomy** when having a conversation and giving opinion.
- **Cooperating** and sharing **feedback** with other students.
- Recording and being aware of their **own progress**.
- Becoming familiar with **cultural** aspects and developing an intercultural awareness.
- Interacting with **real English material** and becoming aware of this **language usefulness**.

All along the resource we are going to use the following digital resources:

- **Google Slides** for presentations (you need to create a Google account for all the class). *Google Slides Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- **OBS Studio** to record the daily progress (it is an open source free software and you need to download it first). *OBS Studio Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- **Google maps** to locate places. *Google Maps Tutorial for Kids*. The authors. CC BY-SA

- *The Travel Enjoy Respect Campaign* (in the framework of the International Year on Sustainable Tourism for Development, 2017; Accessed on 10/05/2018), a way to learn to become a more responsible traveller and spread the message wherever you go!!!

14. REA 4: TASTES OF THE WORLD

At the end of the project the students will have worked on the following **aims**:

- Knowing and using **vocabulary** regarding the meal times, routines and typical food in the UK (English, Scottish, Welsh and Irish food).
- Asking for food, restaurants, meal times and recipes and following them using the present simple of some verbs.
- Writing and presenting a recipe.
- Interacting with certain **autonomy** when having a conversation and giving opinion.
- **Cooperating** and sharing **feedback** with other students.
- Recording and being aware of their **own progress**.
- Becoming familiar with **cultural** aspects and developing an intercultural awareness.
- Interacting with **real English material** and becoming aware of this **language usefulness**.

All along the resource we are going to use the following digital resources:

- **Google Slides** for presentations (you need to create a Google account for all the class). *Google Slides Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- **OBS Studio** to record the daily progress (it is an open source free software and you need to download it first). *OBS Studio Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- ***Kid Food Nation*** (Accessed on 31/05/2018) to upload the final recipes and participate to win the price.

15. REA 5: PLAYING TIME

At the end of the project the students will have worked on the following **aims**:

- Knowing and using **vocabulary** regarding board and traditional games, sports and free time activities.
- Interating in games and learning songs and basic aspects of games using the present/past simple of some verbs.
- Writing rules for games and presenting a game in a video.
- Interacting with certain **autonomy** when having a conversation and giving opinion.
- **Cooperating** and sharing **feedback** with other students.
- Recording and being aware of their **own progress**.
- Becoming familiar with **cultural** aspects and developing an intercultural awareness.
- Interacting with **real English material** and becoming aware of this **language usefulness**.

All along the resource we are going to use the following digital resources:

- **Google Slides** for presentations (you need to create a Google account for all the class). *Google Slides Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- **OBS Studio** to record the daily progress (it is an open source free software and you need to download it first). *OBS Studio Tutorial for Kids.* The authors. CC BY-SA

- ***The Little Inventors' challenge*** (Accessed on 10/06/2018), that encourages children aged 5–12 to share their ideas with the world, from the helpful and practical, to the wacky and bonkers!!!